

## SUBA SALARIAL 2009

**Telefónica e os seus socios sindicais “legalizan” o incumprimento do convenio que a empresa viña perpetrando desde primeiros de ano.**

Nun **contexto de “crise”** no que **os directivos** de Telefónica están ante un novo **“pelotazo” coas stock options** e os accionistas incrementaron os **dividendos un 15%**, aos traballadores de TESAU non só lle **recortan máis do 25 % dos dereitos consolidados no plano de pensións**, agora tamén nos enganan cunha **mísera subida salarial**.

Telefónica viña **incumprindo o convenio**, argumentando que non existe IPC previsto, que o 2% que aparece nos presupostos do estado non vale. Este argumento foi desbotado pola Audiencia Nacional en sentenzas falladas para outras empresas.

A cláusula 3 do convenio colectivo asinado hai un ano establece para o 2009 “garántese un incremento da masa salarial igual ó IPC real...Para a súa aplicación con efectos de 1 de xaneiro, partirase do IPC previsto para o ano 2009”.

A Comisión de Interpretación e Vixilancia non só non cumpre co seu cometido, o de “interpretar” o asinado no Convenio, se non que ademais, a maioría da representación dos traballadores en vez de **acudir á mobilización do cadro de persoal**, a un arbitraje ou deixar que a xustiza interprete no xuízo pendente, alíanse coa empresa, dando lugar a un acordo que trae como consecuencia a modificación do convenio para que a empresa non teña que “soltar a pasta”.

Para darlle validez, lévano a asinar á Comisión de Negociación Permanente do 16 de xullo, pois a Comisión de Interpretación e Vixilancia non pode modificar o texto do Convenio.

### **As consecuencias:**

- Telefónica consegue implantar o seu criterio e xa non ten que aboarnos o 2% da Masa salarial desde xaneiro como estipulaba o texto orixinal (IPC previsto=2%).
- A empresa recupera, en principio, parte da pasta que consideraba que nos pagou de máis o ano pasado; e se o IPC non supera no 2009 o 1% a empresa consolida esa recuperación.
- Os traballadores perdemos unha importante batalla sen pelexala, coa maioría social no bando da empresa.



- 
- Comprobamos como os nosos representantes non só asinan malos convenios, fano en papel mollado e son uns monicreques nas mans da empresa.
  - A empresa demostra que, cos seus socios, é quen de levar o Convenio onde quere, cambiándoo se é preciso.

***Coa de temas importantes que deixaron neste Convenio para a negociación permanente, tódolos dereitos adquiridos polos traballadores de telefónica ó longo dos anos corren serio perigo de desaparecer a mans destes representantes, que nos presentan como positivo todo canto a empresa fai no noso prexuízo.***

### **Os números**

É unha falacia que esta modificación do convenio é boa para os traballadores. Para quen é boa é para a empresa que no peor dos casos arrisca un 0,3%

O custe dos “deslizamentos” (bienios e pases de categoría ) supón o 0,7 % da Masa salarial, co cal a empresa considera que cumprindo os artigos 6 e 80 da Normativa laboral (sobre ascenso de categoría e complemento por antigüidade) xa nos incrementou un 0,7% . Ata o 1% só queda un 0,3% da Masa salarial.

Supoñamos que a variación do IPC no 2009 fóra 0 %; e a empresa non incrementou os nosos salarios, só pagou os novos bienios e cambios de categoría. Como iso supuxo un 0,7% da Masa Salarial: ¿van a quitarlle o novo bienio ou a nova categoría a quen lle correspondeu?, ¿van a reducir o Salario Base a quen nada lle subiron para recuperar ese 0,7%?, ¿Temos que crelo?. **POR SUPOSTO QUE NON.**

**A pregunta importante é: ¿Canto tardaremos en poñer uns representantes que defendan os intereses dos traballadores?**

**iii Por unha suba salarial sobre soldos base e resto de conceptos económicos !!!**

**iii Non ás mesas de Negociación Permanente !!!**

Santiago, 20 de xullo do 2009